

ÉTICA APLICADA: BIOÉTICA, ÉTICA AMBIENTAL, ÉTICA POLÍTICA, ÉTICA EMPRESARIAL E LABORAL, ÉTICA E INTERNET.

A ética aplicada é a parte da ética que se encarga de analizar e dar resposta, a partir das propostas das distintas teorías éticas, ás **cuestións concretas** coas que ímonos atopar na vida cotiá, **tanto no ámbito persoal como no social**. A ética aplicada xorde como unha disciplina necesaria para afrontar os novos retos que se lle presentan ao ser humano debido o progreso científico e tecnolóxico, as consecuencias que estes avances teñen para a vida humana e o propio planeta.

TIPOS DE ÉTICAS APLICADAS	OBXECTO
BIOÉTICA	Rama da filosofía ética de maior actualidade, ocúpase dos dilemas morais suscitados polo desenvolvemento das tecnoloxías médicas e biolóxicas aplicadas ao ser humano (manipulación xenética, práctica médica, eutanasia, aborto, coidados paliativos, etc.)
ÉTICA AMBIENTAL	Rama da filosofía ética de maior actualidade, ocúpase dos dilemas morais que xorde entre a conciencia ecolóxica, o desenvolvemento tecnolóxico e a necesidade moral de mellora das condicións materiais da vida das persoas .
ÉTICA POLÍTICA	Rama da filosofía ética que encargase de reflexionar e valorar que prácticas son aceptables e cales non dentro das sociedades democráticas e establecer principios que regulen a boa práctica do exercicio do poder . Ocupase de temas como transparencia política, impedir a corrupción nos que ostentan o poder, o incumplimento de promesas electorais e incluso de leis.
ÉTICA LABORAL E EMPRESARIAL	Rama da filosofía ética que se ocupa da reflexión sobre o comportamento do profesional respecto da súa profesión . A ética profesional é o conxunto de normas de carácter ético aplicadas no desenvolvemento dunha actividade laboral que marca un código deontolóxico de boas prácticas . Unha adecuada ética profesional mostra os seguintes factores: Integridade; Sentido da responsabilidade; énfase na calidade; disciplina e sentido do traballo en equipo .
ÉTICA E INTERNET	A ciberética é unha das ramas relativamente novas da filosofía ética, encargase de reflexionar e valorar que prácticas son desexables dentro deste campo salvagardando a integridade, dignidade e privacidade dos usuarios, para o cal se elabora unha serie de protocolos de seguridade.